

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2021/5

DATA: xoves 25 de marzo de 2021 LUGAR: mediante vídeo conferencia

HORA DE COMEZO: 20:05 h

HORA DE REMATE: 22:30 h

PRESIDE ADOLFO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA accidental VICENTA AVELINA CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

**BNG**

ADELINA CES QUINTÁNS  
TOBIAS BETANZOS REGO  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO  
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA

**PP**

GERMAN ALLUT VIDAL  
ALICIA CAROU ROMERO  
FRANCISCO RUBIO VICENTE

**PSdeG-PSOE**

MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑIZ  
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES  
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

**Rianxo en Común-SON**

JULIO ALCALDE HERMO

AUSENTES

**BNG**

RAQUEL GARCIA ABUIN

**PP**

MARIANO MOARES RIAL

**Ciudadanos**

SARA MARIA RESUA PATIÑO

OUTRAS PERSOAS ASISTENTES: INFORMÁTICO: CARLOS CES OZORES

## ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN ACTA Nº 4 DE 25 DE FEBREIRO DE 2021
2. Modificación da base de execución 26ª para a inclusión dunha nova subvención nominativa.
3. Cancelación do montes consorciado do Concello de Rianxo "Pena e Leiras"
4. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
5. MOCIÓN da Alcaldía: A VOLTA DA VIRXE DE GUADALUPE DE ASOREY AO LUGAR DE TANXIL
6. MOCIÓN da Alcaldía:Declaración BIC das Mámoas dos Campiños
7. MOCIÓN grupo municipal Rianxo en Común: ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE DINAMIZACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE RIANXO
8. MOCIÓN grupo municipal Rianxo en Común: DECLARACIÓN DA ALDEA MALDITA DE ABUÍN (LEIRO) COMO BEN DE INTERESE CULTURAL
9. Rogos e preguntas

## ACORDOS

### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=an6FOihj-G0>**

## PROPOSTAS ORDINARIAS

### **1 APROBACIÓN ACTA Nº 4 DE 25 DE FEBREIRO DE 2021**

Advertido un erro involuntario na transcripción da acta nº 4/2021 do pleno ordinario de 25/02/2021, no acordo do punto **4 MOCIÓN APOIO AOS TRABALLAORES/AS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR**, procédese a corrixir o referido acordo, quedando redactado da seguinte forma:

## ÚNICO

**Demandar da Xunta de Galicia a busca dunha solución dialogada que teña en conta os dereitos como traballadores/as do Consorcio do servizo de Igualdade e Benestar, apoiando os traballadores/as da escola infantil de Rianxo.**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 4/2021 de 25/02/2021, coa rectificación do acordo arriba sinalado.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

### PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 25/02/2021, Acta nº 4/2021, coa rectificación do acordo arriba sinalada.

### SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **2 APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 26ª DO ORZAMENTO PRORROGADO PARA A PREVISIÓN DUNHA NOVA SUBVENCIÓN NOMINATIVA**

Dáse lectura da proposta presentada:

Expte.: 2021/G014/000001

O Concello de Rianxo conta entre as súas funcións o apoio e o fomento da cultura. Neste senso a Fundación Rosalía de Castro é unha fundación privada sen ánimo de lucro e de Interese Galego, vén traballando na difusión e enalzamento da cultura galega, participando con Rianxo, entre outros, na organización de eventos diversos.

A Casa-Museo de Rosalía está sostida pola Fundación Rosalía de Castro, creada en 1947 (daquela co nome de Patronato Rosalía) por persoas comprometidas coa cultura galega que conseguiron abrir as portas da Casa de Rosalía como Casa-Museo en 1972. Máis de 70 anos despois esta

institución -que non recibe financiamento público regular que asegure o seu mantemento anual nin o seu futuro- quere reafirmarse na súa independencia económica e cultural e no apoio das xentes e entidades comprometidas co país e coa súa cultura. Por esta razón vén de iniciar un proceso de procura de financiamento de empresas, concellos e particulares de todo o país.

Rosalía é para Rianxo unha referencia fundamental da nosa terra, xunto con Castelao e ambos xogan un papel clave para entender o país. Son os dous símbolos máximos da nosa identidade. Lóxico é que ambos, Pai e Nai da patria-matria galega, sexan obxecto da nosa atención preferencial.

Son moitos os vínculos que unen o noso Concello co de Padrón, o territorio rosalian de seu: desde veciñais onde a Terra de Iria é ese territorio compartido a percorrer e gozar, tamén a comerciar.

Institucional, mesmo coa escolla das nosas festas patronais para unirse ambas corporacións en irmandade, como facemos na Pascua padronesa e na Guadalupe rianxeira e simbolicamente, unimos as dúas figuras, Castelao e Rosalía nun paseo festivo mais solemne ao son das bandas de música que nos acompañan.

É por isto polo que consideramos necesaria a inclusión dunha subvención nominativa no Orzamento que contribúa ao sostenemento desta fundación, co desexo de fomentar a figura de Rosalía na nosa veciñanza abrindo a súa casa da Matanza aos estudantes e asociacións de Rianxo.

A regulación das subvencións nominativas figura na base de execución 26ª do Orzamento prorrogado. É preciso proceder á súa modificación do seu apartado IV) *Subvencións nominativas*, engadindo a seguinte:

*“IV) Subvencións nominativas.-*

*Teñen a consideración de subvencións nominativas aquelas que teñen asignación específica nos orzamentos municipais, con indicación expresa do seu beneficiario.*

*Teñen carácter de subvención directa, non suxeita ó réxime de concorrencia competitiva, non séndolle, polo tanto de aplicación, as normas de convocatoria, concorrencia e publicidade a que se fai referencia na cláusula VI do presente capítulo.*

*Teñen a consideración de subvencións nominativas as que de seguido se indican:*

(...)

<b>PROGRAMA DE GASTO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>DESCRIPCIÓN</b>	<b>NIF</b>	<b>FINALIDADE</b>	<b>CF</b>	<b>IMPORTE</b>
334	48990	Fundación Rosalía de Castro	G15040850	Actividade xeral	1	1.000,00

O coeficiente de financiamento de 1 supón que os gastos a xustificar mediante a presentación de facturas ou outros medios admisibles, de acordo coa normativa aplicable, serán, como mínimo, polo importe da subvención. No caso de percepción doutras subvencións de Administracións Públicas, o importe mínimo a presentar mediante documentos xustificativos será o importe acumulado de todas as subvencións, incluíndo a do Concello de Rianxo.

En aplicación do principio de eficacia administrativa, a concesión das subvencións directas poderán realizarse mediante unha resolución, sempre que prevea o contido que debería figurar no convenio de acordo coa normativa vixente.

Os importes sinalados anteriormente, teñen o carácter de contía máxima, non implicando para o Concello unha obriga pola mera aprobación das Bases de Execución do orzamento, debéndose cumprir os requisitos previstos na Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo.”

En vista do exposto, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

#### PRIMEIRO

Aprobar inicialmente a modificación do apartado IV) da base de execución 26ª do Orzamento prorrogado, quedando como segue:

(...)

#### IV) Subvencións nominativas.-

Teñen a consideración de subvencións nominativas aquelas que teñen asignación específica nos orzamentos municipais, con indicación expresa do seu beneficiario.

Teñen carácter de subvención directa, non suxeita ó réxime de concorrencia competitiva, non séndolle, polo tanto de aplicación, as normas de convocatoria, concorrencia e publicidade a que se fai referencia na cláusula VI do presente capítulo.

Teñen a consideración de subvencións nominativas as que de seguido se indican:

PROGRAMA DE GASTO	CONCEPTO	DESCRICIÓN	NIF	FINALIDADE	CF	IMPORTE
231	48900	Fundación Amigos de Galicia	G15859911	Plan de loita contra a pobreza e exclusión social. Gastos correntes adicados a familias do Concello de Rianxo	1	3.000,00
231	48900	A Creba	G15476310	Actividade xeral. A subvención calcularase en función das pesoas do Concello de Rianxo atendidas	1	2.000,00
231	48900	Solidariedade Galega co Pobo Saharai	G15924558	Vacacións en Paz	1	3.560,00
323	48990	Colexio Rural Agrupado	Q1500341A	Gastos de desprazamento en traslados dos alumnos do CRA (excursións e similares)	1	2.000,00

PROGRAMA DE GASTO	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	NIF	FINALIDADE	CF	IMPORTE
334	48990	Escola de música de Rianxo	G1584778	Programa anual de actividades	1	3.000,00
334	48990	Asociación sociocultural Fogo Fatuso	G70117338	Premio do certame de música tradicional	1	1.000,00
334	48990	Fundación Castelao	G15099252	Actividade xeral	1	1.000,00
334	48990	Fundación Rosalía de Castro	G15040850	Actividade xeral	1	1.000,00
338	48990	Asociación sociocultural desenvolvemento de Rianxo A Moreniña	G15814361	Festas da Guadalupe (prepagable: antes da presentación xustificativa)	1	3.000,00
341	48990	Clube de Remo de Rianxo	G15087208	Actividade xeral	1	6.600,00
341	48990	S.D. Araño	G15260425	Actividade xeral	1	1.500,00
341	48990	Clube Voleibol Rianxo	G15891682	Actividade xeral	1	2.250,00
341	48990	CCD Taragoña	G15458417	Actividade xeral	1	2.500,00
341	48990	CD Unión	G15391865	Actividade xeral	1	7.100,00
341	48990	Clube Piragüismo	G15692270	Actividade xeral	1	4.750,00
341	48990	PC Castro Barbudo	G15826027	Actividade xeral	1	600,00
341	48990	Clube Náutico Rianxo	G15289499	Actividade xeral	1	600,00
341	48990	Escudería Rally actividade Competición	G15978273	Actividade xeral	1	1.000,00
341	48990	Club Xadrez Rianxo	G70141536	Actividade xeral	1	1.500,00
341	48990	Club Baloncesto Rianxo	G70472527	Actividade xeral	1	1.250,00
341	48990	Club de Tenis Rianxo	G70172234	Actividade xeral	1	600,00
341	48990	Artes Marciais Mixtas Rianxo		Actividade xeral	1	600,00
341	48990	Barbanza Rugby Club	G15723521	Actividade xeral	1	1.000,00
<b>Total</b>						<b>51.410,00</b>

O coeficiente de financiamento de 1 supón que os gastos a xustificar mediante a presentación de facturas ou outros medios admisibles, de acordo coa normativa aplicable, serán, como mínimo, polo importe da subvención. No caso de percepción doutras subvencións de Administracións Públicas, o importe mínimo a

presentar mediante documentos xustificativos será o importe acumulado de todas as subvencións, incluíndo a do Concello de Rianxo.

En aplicación do principio de eficacia administrativa, a concesión das subvencións directas poderán realizarse mediante unha resolución, sempre que prevea o contido que debería figurar no convenio de acordo coa normativa vixente.

Os importes sinalados anteriormente, teñen o carácter de contía máxima, non implicando para o Concello unha obriga pola mera aprobación das Bases de Execución do orzamento, debéndose cumprir os requisitos previstos na Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo.

---

## SEGUNDO

Expoñer ao público o expediente polo prazo de 15 días hábiles desde a publicación do anuncio no BOP. En todo caso, a exposición pública tamén se anunciará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

## TERCEIRO

No suposto de non presentarse reclamacións contra o acordo de aprobación inicial, este considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade dun novo acordo plenario. A súa entrada en vigor farase efectiva a partir da publicación do anuncio da aprobación definitiva das bases de execución, de acordo co artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

## CUARTO

Darle traslado deste acordo á Intervención Municipal para continuar coa tramitación do expediente e ao Departamento de Cultura, para o seu coñecemento.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, en sesión ordinaria do día 18/03/2021.

## DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, acordan por unanimidade dos 9 membros presentes dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

### PRIMEIRO

Aprobar inicialmente a modificación do apartado IV) da base de execución 26ª do Orzamento prorrogado, quedando como segue:

(...)

IV) Subvencións nominativas.-

Teñen a consideración de subvencións nominativas aquelas que teñen asignación específica nos orzamentos municipais, con indicación expresa do seu beneficiario.

Teñen carácter de subvención directa, non suxeita ó réxime de concorrencia competitiva, non séndolle, polo tanto de aplicación, as normas de convocatoria, concorrencia e publicidade a que se fai referencia na cláusula VI do presente capítulo.

Teñen a consideración de subvencións nominativas as que de seguido se indican:

PROGRAMA DE GASTO	CONCEPTO	DESCRICIÓN	NIF	FINALIDADE	CF	IMPORTE
231	48900	Fundación Amigos de Galicia	G15859911	Plan de loita contra a pobreza e exclusión social. Gastos correntes adicados a familias do Concello de Rianxo	1	3.000,00
231	48900	A Creba	G15476310	Actividade xeral. A subvención calcularase en función das persoas do Concello de Rianxo atendidas	1	2.000,00
231	48900	Solidariedade Galega co Pobo Saharaui	G15924558	Vacacións en Paz	1	3.560,00
323	48990	Colexio Rural Agrupado	Q1500341A	Gastos de desprazamento en traslados dos alumnos do CRA (excursións e similares)	1	2.000,00
334	48990	Escola de música de Rianxo	G1584778	Programa anual de actividades	1	3.000,00
334	48990	Asociación sociocultural Fogo Fatuo	G70117338	Premio do certame de música tradicional	1	1.000,00
334	48990	Fundación Castelao	G15099252	Actividade xeral	1	1.000,00
334	48990	Fundación Rosalía de Castro	G15040850	Actividade xeral	1	1.000,00
338	48990	Asociación sociocultural desenvolvemento de Rianxo A Moreniña	G15814361	Festas da Guadalupe (prepagable: antes da presentación xustificativa)	1	3.000,00
341	48990	Clube de Remo de Rianxo	G15087208	Actividade xeral	1	6.600,00
341	48990	S.D. Araño	G15260425	Actividade xeral	1	1.500,00
341	48990	Clube Voleibol Rianxo	G15891682	Actividade xeral	1	2.250,00
341	48990	CCD Taragoña	G15458417	Actividade xeral	1	2.500,00
341	48990	CD Unión	G15391865	Actividade xeral	1	7.100,00
341	48990	Clube Piragüismo	G15692270	Actividade xeral	1	4.750,00



PROGRAMA DE GASTO	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	NIF	FINALIDADE	CF	IMPORTE
341	48990	PC Castro Barbudo	G15826027	Actividade xeral	1	600,00
341	48990	Clube Náutico Rianxo	G15289499	Actividade xeral	1	600,00
341	48990	Escudería Rally actividade Competición	G15978273	Actividade xeral	1	1.000,00
341	48990	Club Xadrez Rianxo	G70141536	Actividade xeral	1	1.500,00
341	48990	Club Baloncesto Rianxo	G70472527	Actividade xeral	1	1.250,00
341	48990	Club de Tenis Rianxo	G70172234	Actividade xeral	1	600,00
341	48990	Artes Marciais Mixtas Rianxo		Actividade xeral	1	600,00
341	48990	Barbanza Rugby Club	G15723521	Actividade xeral	1	1.000,00
<b>Total</b>						<b>51.410,00</b>

O coeficiente de financiamento de 1 supón que os gastos a xustificar mediante a presentación de facturas ou outros medios admisibles, de acordo coa normativa aplicable, serán, como mínimo, polo importe da subvención. No caso de percepción doutras subvencións de Administracións Públicas, o importe mínimo a presentar mediante documentos xustificativos será o importe acumulado de todas as subvencións, incluíndo a do Concello de Rianxo.

En aplicación do principio de eficacia administrativa, a concesión das subvencións directas poderán realizarse mediante unha resolución, sempre que prevea o contido que debería figurar no convenio de acordo coa normativa vixente.

Os importes sinalados anteriormente, teñen o carácter de contía máxima, non implicando para o Concello unha obriga pola mera aprobación das Bases de Execución do orzamento, debéndose cumprir os requisitos previstos na Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo.

## SEGUNDO

Expoñer ao público o expediente polo prazo de 15 días hábiles desde a publicación do anuncio no BOP. En todo caso, a exposición pública tamén se anunciará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

## TERCEIRO

No suposto de non presentarse reclamacións contra o acordo de aprobación inicial, este considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade dun novo acordo plenario. A súa entrada en vigor farase efectiva a partir da publicación do anuncio da aprobación definitiva das bases de execución, de acordo co artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

#### CUARTO

Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal para continuar coa tramitación do expediente e ao Departamento de Cultura, para o seu coñecemento.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

### **3. CANCELACIÓN DO MONTES CONSORCIADO DO CONCELLO DE RIANXO "PENA E LEOIRAS"**

Dáse lectura da proposta presentada:

Nestes momentos o Concello de Rianxo xestiona diferentes montes do Concello consorciados coa Xunta de Galicia, aos que está dedicando recursos e actuacións a través de diferentes acordos e subvencións, principalmente todos os veráns coa contratación dunha brigada forestal que realiza neses espazos labores de desbroce.

Queremos ir máis alá e para unha mellor xestión dos recursos e a intervención directa municipal neses espazos con labores de valorización, substitución de especies pirófitas por outras plantacións de frondosas, habilitación para o beneficio da veciñanza do Concello, sinalización de roteiros, protección de elementos patrimoniais, entre outras, é pola que presentamos a seguinte proposta de acordo. O monte de referencia é:

**Monte "Pena e Leiras"**

**Propiedade: Concello de Rianxo**

**Consortio existente coa Administración Pública: C-2048**

**Procedente do Catálogo de Utilidade Pública No 277**

**Superficie clasificada: 17,40 ha**

Entendemos que con esta proposta recuperamos a autonomía municipal e a xestión directa destes recursos para darlles participación aos veciños e veciñas tanto na súa xestión e coidado como nos beneficios sociais que se xeren nun futuro.

E por iso que se somete á consideración do Pleno ACORDAR

**1. A cancelación do Consorcio coa Xunta de Galicia para asumir no monte de titularidade pública PENA LEOIRAS a xestión do recurso.**

2. Dar traslado desta petición á Xunta de Galicia, Consellería de Medio Rural.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, en sesión ordinaria do día 18/03/2021.

#### DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, acordan por unanimidade dos 9 membros presentes dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

**1. A cancelación do Consorcio coa Xunta de Galicia para asumir no monte de titularidade pública PENA LEOIRAS a xestión do recurso.**

2. Dar traslado desta petición á Xunta de Galicia, Consellería de Medio Rural.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

#### **4 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

A Presidencia informa o Pleno das resolucións da Alcaldía da57/2021 á 167/2021 ditadas no mes de FEBREIRO que foron trasladadas ás persoas que compoñen o Pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

A Presidencia informa o Pleno das actas da Xunta de Goberno que foron trasladadas ás concelleiras e aos concelleiros xunto coa convocatoria desta sesión:

1 Acta nº 2 en sesión ordinaria de 04/02/2021

2 Acta nº 3 en sesión ordinaria de 18/02/2021

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

## **5 MOCIÓN da Alcaldía: A VOLTA DA VIRXE DE GUADALUPE DE ASOREY AO LUGAR DE TANXIL**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **A VOLTA DA VIRXE DE GUADALUPE DE ASOREY AO LUGAR DE TANXIL** sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vivimos un tempo marcado pola pandemia do COVID 19, esta peste que nos golpea como hai case un século golpeou a pandemia da gripe cando don Ángel acudiu a socorrer co seu oficio a este pobo que o necesitaba. Por este motivo loce na fachada do noso Concello a placa que Rianxo que lle dedicou co seu agradecemento.

Neste mesmo momento estase a reparar o estado no que se encontra e renovar as letras que faltan para que volvan brillar as nosas palabras de gratitude.

Sabemos que no pasado ocorreron feitos desafortunados e actuacións que non se fixeron como debían mais queremos deixar atrás eses momentos e que a Guadalupe de don Ángel e Asorey volva ocupar o lugar que don Ángel escolleu e que o pobo de Rianxo lle gardou.

O Concello xa fixo labores de limpeza no lugar e solicitou de Costas que se confirmase o estado e a seguridade do lugar, dado que no pasado e como consecuencia das obras realizadas nesa parte da costa houbera desprendementos. E estamos dispostos a escoitar as demandas que se nos fagan e podamos atender para que “a Rianxeira” luza de novo no seu lugar e presida Tanxil.

O Concello ofrécese para colaborar no retorno da Virxe desde o lugar no que actualmente se encontra.

Desexamos que a volta da Virxe sirva para recuperar e facer brillar a memoria do apelido de don Ángel e don Ramón. Estamos seguros de que ese sería o seu desexo e de que sufrirían vendo esa ausencia en Tanxil.

Neste senso, e nese ánimo de reencontrarnos coa familia Baltar afectuosamente para dialogar e que esa figura tan querida entre nós poda estar no seu lugar para as festas da Guadalupe. Sería unha festa especial, como un símbolo de que deixamos atrás esta nova peste que nos volveu visitar Por todo isto,

## ACORDAMOS

1. Dirixirnos á familia Baltar para solicitar o retorno da Virxe de Asorey ao seu emprazamento na praia de Tanxil.
2. Ofrecer a colaboración do Concello de Rianxo para este retorno.
3. Facultar á Alcaldía a realizar as xestións oportunas coa familia Baltar dando conta o pleno das actuacións.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## 6 MOCIÓN da Alcaldía: DECLARACIÓN BIC DAS MÁMOAS DOS CAMPIÑOS

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **DECLARACIÓN BIC DAS MÁMOAS DOS CAMPIÑOS** sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

No ano 2008 a Xunta de Galicia anunciaba a declaración BIC de varios monumentos megalíticos, entre outros a zona de Mámoas dos Campiños, un conxunto de seis túmulos no noso concello, situados entre as parroquias de Leiro e Isorna.

Esta necrópole foi estudada polo Instituto Sarmiento desde mediados dos setenta cunha escavación realizada por Fábregas e De la Fuente Andrés, no ano 1984, publicados seus resultados no volume 7 da revista Brigantium.

Pasado este tempo desde ese lonxano 2008, téndose realizado diferentes actuacións de limpeza por varias administracións e buscando o mantemento de condicións de visita e goce pola veciñanza destes espazos coordinados, cremos preciso dotar da maior protección a esta zona megalítica de importancia como reflicten os estudos realizados.

Lembramos tamén que unha das pedras retiradas desta necrópole ten a consideración BIC e está

visitábel no Auditorio de Rianxo.

Por todo isto o Pleno do Concello de Rianxo, se procede

### **ACORDA SOLICITAR**

1. Solicitar da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, a apertura do expediente e a súa finalización para o recoñecemento das Mámoas dos Campiños en Rianxo como Ben de Interese Cultural (BIC).
2. Valorar a ampliación deste recoñecemento da zona arqueolóxica circundante aos Campiños nesta área para a protección conxunta co petroglifo da Foxa Vella e os petroglifos do Monte Pelotiño e os túmulos do Monte Picoto.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

### **7 MOCIÓN grupo municipal Rianxo en Común: ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE DINAMIZACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE RIANXO**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE DINAMIZACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE RIANXO** sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O mercado municipal de Rianxo vén arrastrando dende fai tempo, practicamente dende o seu traslado á súa actual localización, unha importante carencia en canto ao número de postos ocupados e, en consecuencia, en canto ao volume de negocio que é capaz a xerar.

A pesar de que, como dicimos, a problemática é vella, nos últimos anos esta non se abordou coa suficiente firmeza. As accións que se levaron a cabo en relación á dinamización do mercado, ademais de gozaren de pouca continuidade, resultaron pouco eficientes tendo en conta a actual

situación, na cal unicamente tres dos postos do mercado están ocupados.

Dende o punto de vista de Rianxo en Común, nun municipio coma o noso, para o cal o sector primario xoga un papel fundamental, en un contexto coma o actual, no que contar con redes de produción e distribución de produtos alimenticios de proximidade, contar cun mercado municipal vivo e que actúe como nodo desta rede necesaria resulta máis imprescindible que nunca.

Moi ao contrario, o mercado rianxeiro está hoxe moi lonxe do que debería ser. O cal, ademais, non deixa de ser unha rareza no contexto dos municipios da nosa contorna nos cales os diferentes mercados e prazas de abastos funcionan razoablemente ben.

Coa finalidade de comezar a revertir esta situación O Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

- Dar os pasos necesarios para ofertar os postos desocupados do mercado de maneira gratuíta para que poidan ser empregados por aquelas persoas que carecen de local comercial.
- Mellorar a sinalización do mercado e do parking gratuíta que ten debaixo e activar unha campaña de difusión tanto do propio mercado como dos produtos que nel se venden.
- Estudar a posibilidade de fomentar o consumo no mercado facilitando que as persoas que fagan compras nel, e superen un gasto mínimo, poidan deixar os fillos/as na Ludoteca de maneira gratuíta.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

O concelleiro de BNG sinala que está conforme coa moción, pero propón engadir no 1º punto: Dar os pasos necesarios para ofertar os postos desocupados do mercado de maneira gratuíta ou coa fórmula máis acaida legalmente, para que poidan ser empregados por aquelas persoas que carecen de local comercial.

Manifestando os diferentes voceiros, incluída o propoñente da Moción, a súa conformidade á someter á votación a moción presentada coa emenda indicada, o Pleno da Corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda sinalada no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

- 1 Dar os pasos necesarios para ofertar os postos desocupados do mercado de maneira gratuíta ou coa fórmula máis acaida legalmente, para que poidan ser empregados por aquelas persoas que carecen de local comercial.
- 2 Mellorar a sinalización do mercado e do parking gratuíta que ten debaixo e activar unha campaña de difusión tanto do propio mercado como dos produtos que nel se venden.
- 3 Estudar a posibilidade de fomentar o consumo no mercado facilitando que as persoas que

fagan compras nel, e superen un gasto mínimo, poidan deixar os fillos/as na Ludoteca de maneira gratuíta.

## **8 MOCIÓN grupo municipal Rianxo en Común: DECLARACIÓN DA ALDEA MALDITA DE ABUÍN (LEIRO) COMO BEN DE INTERESE CULTURAL**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **DECLARACIÓN DA ALDEA MALDITA DE ABUÍN (LEIRO) COMO BEN DE INTERESE CULTURAL** sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia establece no seu preámbulo que a idea de valor é a que determina a definición legal do patrimonio cultural, sendo os valores susceptibles de formar parte dos bens móbiles, inmobles ou das manifestacións inmateriais aqueles que polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxicos, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. Doutra banda, establece que un xacemento ou zona arqueolóxica é aqueles lugar no que existen evidencias de bens móbiles ou inmobles susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica, de interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, sempre que estea relacionado coa historia humana, ou antropolóxico.

A valoración que aquí se pretende facer sobre as ruínas da coñecida como a “Aldea Maldita” ou “Aldea Esquecida”, denominación que transcendeu historicamente grazas a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, o cal recolleu a lenda do acontecido no lugar incorporándoa nun relato denominado “Camiño esquecido” pertencente á súa obra Cousas, lenda que tamén aparece recollida na súa obra As cruces de pedra na Galiza.

O conxunto de ruínas emprázase na confluencia entre a ladeira que descende cara o Oeste dende a actual aldea de Abuín e un pequeno val onde no pasado se situaban as terras de labor, hoxe en proceso de abandono. As ruínas están distribuídas a ambas marxes dunha correioira que discorre en dirección Norte-Sur franqueada por fermosos exemplares de vexetación autóctona como carballos e loureiros, con muros de cachotería dunha gran calidade construtiva que a delimitan e lle imprimen unha destacada calidade paisaxística.

Nunha das rochas deses muros hai representada unha cruz, un elemento que recorda a algún



dos gravados que Castelao recolleu nalgunha das súas obras gráficas, un elemento moi singular tanto polo seu emprazamento como polas destacadas dimensión que presenta.

A simple vista, as ruínas da aldea ocupan un espazo exíguo, de uns 200 metros cadrados. Están conformadas por varios inmobles, arredor de media ducia, aínda que non se pode descartar que haxa máis ocultos. Algúns dos inmobles visibles conservan gran parte dos paramentos erguidos, e outros unicamente algún dos pinches. Entre os elementos conservados atópanse varias xambas, linteis, bufardas, lacenas, couceiros, etc. As construcións conservadas están feitas en granito, nalgún dos casos cunha técnica mixta que emprega pezas de cantería para os esquinais da construción e nos bordes da lumieiras das xanelas, para no resto empregar unha mestura de cachotería e grandes bloques de granito.

Acompañando aos restos dos inmobles atópanse gran cantidade de muros delimitadores feitos de bloques de granito e cachote, dunha calidade alta, cunha preferencia por dispor de dúas caras á vista, nada habitual na zona para este tipo de peches.

Dende o punto de vista histórico non se ten abordado ningún estudo en profundidade, nin no ámbito documental nin tampouco arqueolóxico, aínda que si se ten barallada unha hipótese sobre o seu abandono poñéndoo en relación con outros lugares do Barbanza que presentan características similares, como son a Galea Vella ou A Tomada. A principal hipótese que se ten esgrimido é o abandono destes lugares tralo impacto da considerado por algún autores ata fai uns meses como a peor catástrofe epidemiolóxica do último milenio, concretamente a peste negra, unha enfermidade que castiga Galicia de forma moi intensa na segunda metade do século XVI. Entre 1562 e 1563 saltan as alarmas de peste en Baiona e Betanzos e entre outubro de 1567 e xullo de 1568 detectáronse casos de peste no Grove, Caldas e Rianxo. En maio de 1569, e ata xaneiro de 1570, aparece un novo andazo de peste en Santiago, Betanzos, Coruña e Vigo. No verán de 1569 unha nova praga aflora en Lugo, Santiago, Betanzos, Miño, Perillo e Ferrol, e máis tarde, entre 1577 e 1580, volve a aparecer en Compostela e Baiona así como nas súas comarcas de influencia. Finalmente entre 1576 e 1578 asalta Tui, A Garda e Oia.

A peste tivo un gran éxito de propagación debido, en certa media, ao período de tempo transcorrido entre a inoculación da enfermidade e aparición dos primeiros síntomas, que no caso da peste bubónica semella tardar arredor dunha semana manifestándose coa inflamación dos nódulos linfáticos (bubóns). No momento que se producían as primeiras evidencias claras de enfermidade, os habitantes destes núcleos escapaban do mal, en moitos casos xa infectados polo bacilo da yersina pestis, sendo focos portadores da enfermidade e consecuentemente estendéndose estrepitosamente duns lugares a outros. Os sobreviventes, unha vez remitida a vaga de peste, non lle quedaba outra opción que regresar aos seus fondos, as súas herdades abandonadas, xa que maioritariamente eran o seu sustento de vida. Paralelamente, a igrexa empregou esta praga no seu favor, despregando unha serie de recursos no que achacaba a peste a un castigo divino como consecuencia dunha mala praxe da vontade cristián, é por ilo que semella que neste período se incrementan notablemente as doazóns e ofrendas dos fieis na procura da súa salvación. Tras remitir a peste, e ao regreso dos sobreviventes, o núcleo orixinario non deixa de ser un espazo castigado pola ira de Deus, un "espazo maldito". Non obstante, as súas posesións atópanse na contorna, polo que precisan ficar, pero non volven sobre o espazo

azoutado pola peste, senón que crean un no entorno, pero o suficientemente afastado, un novo espazo residencia, unha novo asentamento. Paralelamente é preciso crear unha explicación para o abandono destes espazos, expandíndose a coñecida lenda do asalto ao mosteiro de Armenteira e do roubo das súas ofrendas e tesouros que sería o desencadéante das pragas como castigo por violar un espazo sacro.

Este patrón de abandono dun núcleo, existencia doutro de carácter tradicional no entorno coa mesma denominación e a existencia dunha lenda que explica e xustifica o abandono, repítese noutras aldeas da contorna. Sexa como for, non se lle pode negar, ademais da dimensión monumental dos restos que aínda conserva, a dimensión histórica da que só se aventura unha posible hipótese, así como a dimensión simbólica do lugar, xa que está asociada a é portadora desta lenda tan excepcional e que lle imprime unha personalidade propia e un encanto singular, sen esquecer que é a manifestación material do relato do insigne rianxeiro Castelao.

A dimensión monumental dos restos ten como máxima expresión a conservación dun patrimonio edificado que é a expresión dunha arquitectura vernácula, portadora dun coñecemento propio e característico dun tempo determinado e dunhas necesidades concretas.

A dimensión histórica está por contrastar, no obstante, de refutarse a hipótese proposta, este espazo dispón doutras narrativas propias, máis aló da realidade histórica subxacente que poida aflorar en futuros traballos de índole histórica e arqueolóxica, sendo potenciais campos de divulgación a situación do campesiñado no Antigo réxime, as características do hábitat e técnicas construtivas, a demografía e as crises demográficas, a saúde pública, os avances terapéuticos e o estudo do comportamento sociolóxico da sociedade galega rural, entre outros moitos.

A dimensión patrimonial do enclave presenta unha alta potencialidade, xa que non require dun esforzo inversor nin de mantemento, unicamente minorar o impacto das accións que se volven agresivas por falta de control administrativo (corta de madeira incontrolada, instalación de servizos, ...) e contribuír a preservar o entorno envolto nos valores ambientais e paisaxísticos cos que contaba ata non fai moito tempo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

**1- Instar á Xunta de Galicia a incoar o procedemento de declaración da Aldea Maldita de Abuín, ou Aldea Esquecida, como Ben de Interese Cultural (BIC).**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

O alcalde sinala que está conforme coa moción, pero propón engadir un segundo punto que indique:

2º Estudar a posibilidade de introducir algún tipo de protección urbanística na Aldea Maldita, que preserve na medida do posible o recurso existente.

Manifestando os diferentes voceiros, incluído o propoñente da Moción, a súa conformidade á someter á votación a moción presentada coa emenda indicada, o Pleno da Corporación, ACORDA por 11 votos a favor (5 dos membros do grupo municipal BNG, 4 dos membros do grupo municipal PSOE e 2 do grupo municipal Rianxo en Común), 3 abstencións dos membros do grupo municipal PP e cero votos en contra, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda sinalada no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

1º Instar á Xunta de Galicia a incoar o procedemento de declaración da Aldea Maldita de Abuín, ou Aldea Esquecida, como Ben de Interese Cultural (BIC)

2º Estudar a posibilidade de introducir algún tipo de protección urbanística na Aldea Maldita, que preserve na medida do posible o recurso existente.

## 9 ROGOS E PREGUNTAS

### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=an6FOihj-G0>**